*a) La creación de expediente de contrato menor en Opencertiac desde las gestiones presupuestarias, o en su caso, quien tenga encomendada expresamente la función en cada servicio.*

*b) La elaboración del documento*



administrativo “Informe de necesidade do contrato, xustificación e acordo de inicio” segundo o modelo que figura como ANEXO I, que deberá incorporar os informes, comprobacións e xustificacións recollidas nesta instrución sobre contratación menor.

c) A fin de poder cumprimentar a xustificación prevista no parágrafo 1.b) desta instrución sobre a contratación menor (epígrafe segunda), disporase dunha aplicación de consulta no Portal de aplicacións para realizar a comprobación por CIF que reportará un informe relativo aos importes acumulados polo contratista no exercicio orzamentario. Enténdese a estes efectos por importe acumulado o que resulte da suma dos contratos menores adxudicados na anualidade orzamentaria ao mesmo operador económico, a cuxo fin, trala sinatura do “Informe de necesidade do contrato, xustificación e acordo de inicio”, os xestores orzamentarios deberán cumprimentar todos os campos suplementarios referidos no parágrafo 4 desta instrución segunda.

Esta consulta, a incorporación do informe resultante ao expediente e a sinatura electrónica do mesmo será realizada polas xestións orzamentarias.

O documento administrativo “Informe de necesidade do contrato, xustificación e acordo de inicio” deberá ser asinado pola persoa que ostente a xefatura do servizo/dirección de Área (segundo o reparto de funcións en cada área de goberno) e o/a concelleiro/a ou director/a que actúe como órgano de contratación segundo as delegacións efectuadas pola Xunta de Goberno

*administrativo “Informe de necesidade del contrato, justificación y acuerdo de inicio” según el modelo que figura como ANEXO I, que deberá incorporar los informes, comprobaciones y justificaciones recogidas en esta instrucción sobre contratación menor.*

*c) A fin de poder cumplimentar la justificación prevista en el párrafo 1. b) de esta instrucción sobre la contratación menor (epígrafe segundo), se dispondrá de una aplicación de consulta en el Portal de aplicaciones para realizar la comprobación por CIF que reportará un informe relativo a los importes acumulados por el contratista en el ejercicio presupuestario. Se entiende a estos efectos por importe acumulado el que resulte de la suma de los contratos menores adjudicados en la anualidad presupuestaria al mismo operador económico, a cuyo fin, tras la firma del “Informe de necesidad del contrato, justificación y acuerdo de inicio”, los gestores presupuestarios deberán cumplimentar todos los campos suplementarios referidos en el párrafo 4 de esta instrucción segunda.*

*Esta consulta, la incorporación del informe resultante al expediente y la firma electrónica del mismo será realizada por las gestiones presupuestarias.*

*El documento administrativo “Informe de necesidad del contrato, justificación y acuerdo de inicio” deberá ser firmado por la persona que ostente la jefatura del servicio/dirección de Área (según el reparto de funciones en cada área de gobierno) y el/la concejal/la o director/a que actúe como órgano de contratación según las delegaciones efectuadas por la Junta de Gobierno Local mediante*

Secretaría Xeral  
Dpto. de Actividade Corporativa

Local mediante acordo de 28 de xuño de 2019 (BOP núm. 124 do 3 de xullo 2019).

Naqueles casos en que o servizo o entenda necesario, o documento poderá requirir dunha primeira sinatura do persoal técnico a quen lle corresponde detectar a necesidade da contratación e valorar a existencia de fraccionamento do obxecto de cara a propoñer outras alternativas de contratación, no seu caso.

TERCEIRA.- Perfil do contratante.

A partir do 9 de marzo de 2018 o Perfil do Contratante do Concello da Coruña está aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público do Ministerio de Facenda e Función Pública en cumprimento do artigo 347 apartados 2 e 3 LCSP, no seguinte enderezo: [https://contrataciondelestado.es/wps/portal!/ut/p/b0/04\\_Sj9CPykssy0xPLMnMz0vMAfIjU1JTC3Iy87KtCIKL0jJznPPzSooSSxLzSIL1w\\_Wj9KMyU5wK9CNd88sdC8Oiw120iwO9jUJc0yLcK7UdbW31C3JzHQFEZOVG/](https://contrataciondelestado.es/wps/portal!/ut/p/b0/04_Sj9CPykssy0xPLMnMz0vMAfIjU1JTC3Iy87KtCIKL0jJznPPzSooSSxLzSIL1w_Wj9KMyU5wK9CNd88sdC8Oiw120iwO9jUJc0yLcK7UdbW31C3JzHQFEZOVG/)

CUARTA.- Sobre a incorporación facultativa de tres ofertas ou solicitudes das mesmas a través do perfil do contratante.

Os respectivos centros xestores, encadrados no correspondente órgano de contratación, poderán incorporar ao expediente de contrato menor, se o consideran procedente, a solicitude de tres orzamentos ou ben solicitar ofertas, durante un prazo de cinco días naturais, a través do perfil do contratante aloxado no [enderezo: https://contrataciondelestado.es/wps/por](https://contrataciondelestado.es/wps/por)

*acuerdo de 28 de junio de 2019 (BOP núm. 124 de 3 de julio 2019).*

*En aquellos casos en que el servicio lo entienda necesario, el documento podrá requerir de una primera firma del personal técnico a quién le corresponde detectar la necesidad de la contratación y valorar la existencia de fraccionamiento del objeto de cara a proponer otras alternativas de contratación, en su caso.*

*TERCERA.- Perfil del contratante.*

*A partir de 9 de marzo de 2018 el Perfil del Contratante del Ayuntamiento de A Coruña está alojado en la Plataforma de Contratos del Sector Público del Ministerio de Hacienda y Función Pública en cumplimiento del artículo 347 apartados 2 y 3 LCSP, en la siguiente dirección:*

*[https://contrataciondelestado.es/wps/portal!/ut/p/b0/04\\_Sj9CPykssy0xPLMnMz0vMAfIjU1JTC3Iy87KtCIKL0jJznPPzSooSSxLzSIL1w\\_Wj9KMyU5wK9CNd88sdC8Oiw120iwO9jUJc0yLcK7UdbW31C3JzHQFEZOVG/](https://contrataciondelestado.es/wps/portal!/ut/p/b0/04_Sj9CPykssy0xPLMnMz0vMAfIjU1JTC3Iy87KtCIKL0jJznPPzSooSSxLzSIL1w_Wj9KMyU5wK9CNd88sdC8Oiw120iwO9jUJc0yLcK7UdbW31C3JzHQFEZOVG/)*

*CUARTA.- Sobre la incorporación facultativa de tres ofertas o solicitud de las mismas a través del perfil del contratante.*

*Los respectivos centros gestores, encuadrados en el correspondiente órgano de contratación, podrán incorporar al expediente de contrato menor, si lo consideran procedente, la solicitud de tres presupuestos o bien solicitar ofertas, durante un plazo de cinco días naturales, a través del perfil del contratante alojado en la dirección: <https://contrataciondelestado.es/wps/port>*

Secretaría Xeral  
Dpto. de Actividade Corporativa

tal/!ut/p/b0/04\_Sj9CPykssy0xPLMnMz0vMAfIjU1JTC3Iy87KtCIKL0jJznPPzSooSSxLzSIL1w Wj9KMyU5wK9CNd88sdC8Oiw120iwO9jUJc0yLcK7UdbW31C3JzHQFEZOVG/

Os modelos de solicitudes mediante anuncio e de presentación de ofertas en resposta ao mesmo constan nos ANEXOS III e IV a esta Instrución, no que atinxe a contratación menor.

A incorporación de presupostos, sen publicidade no perfil, efectuarase por aqueles medios áxiles que permitan a constancia da solicitude e da súa achega no expediente.

QUINTA.- Quedan excluídas desta instrución sobre contratación menor as actividades docentes, que se axustarán ao establecido no artigo 310 da LCSP, referente ao réxime específico de contratación para actividades docentes.

SEXTA.- A contratación de acceso a bases de datos e subscrición a publicacións suxeitarase ao establecido na Disposición Adicional novena.

SÉTIMA.- Na contratación deben cumprirse as condicións de aptitude para contratar coa administración, conforme ao previsto nos artigos 65 e seguintes da LCSP. No que atinxe á esixencia de acreditación, modúlase aplicando criterios de proporcionalidade coa achega dunha declaración responsable, no modelo que figura no ANEXO II.

OITAVA .- Carácter excepcional do contrato menor.

Dado o carácter excepcional do contrato menor, os servizos deberán promover as

al/!ut/p/b0/04\_Sj9CPykssy0xPLMnMz0vMAfIjU1JTC3Iy87KtCIKL0jJznPPzSooSSxLzSIL1w Wj9KMyU5wK9CNd88sdC8Oiw120iwO9jUJc0yLcK7UdbW31C3JzHQFEZOVG/

*Los modelos de solicitudes mediante anuncio y de presentación de ofertas en respuesta al mismo constan nos ANEXOS III e IV la esta Instrucción, en lo que se refiere a la contratación menor.*

*La incorporación de presupuestos, sin publicidad en el perfil, se efectuará por aquellos medios ágiles que permitan la constancia de la solicitud y de su aportación en el expediente.*

*QUINTA.- Quedan excluidas de esta instrucción sobre contratación menor las actividades docentes, que se ajustarán a lo establecido en el artículo 310 de la LCSP, referente al régimen específico de contratación para actividades docentes.*

*SEXTA.- La contratación de acceso a bases de datos y suscripción a publicaciones se sujetará a lo establecido en la Disposición Adicional novena.*

*SÉPTIMA.- En la contratación deben cumplirse las condiciones de aptitud para contratar con la administración, conforme a lo previsto en los artículos 65 y siguientes de la LCSP. En lo que se refiere a la exigencia de acreditación, se modula aplicando criterios de proporcionalidad con la aportación de una declaración responsable, en el modelo que figura en el ANEXO II.*

*OCTAVA.- Carácter excepcional del contrato menor.*

*Dado el carácter excepcional del contrato menor, los servicios deberán*

Secretaría Xeral  
Dpto. de Actividade Corporativa

licitacións tradicionalmente tramitadas como contrato menor por procedemento aberto, incluído o simplificado abreviado, con ou sen división en lotes, ou ben mediante sistemas de racionalización da contratación (acordo marco ou sistema dinámico de adquisición).

NOVENA.- A publicidade dos contratos menores

En cumprimento do establecido no art. 63.4 LCSP, os contratos menores publicaranse no Perfil do Contratante do Concello da Coruña, aloxado na Plataforma de Contratos del Sector Público do Ministerio de Facenda e Función Pública, no enderezo electrónico:

[https://contrataciondelestado.es/wps/portal!/ut/p/b0/04\\_Sj9CPykssy0xPLMnMz0vMAfIjU1JTC3Iy87KtCIKL0jJznPPzSooSSxLzSIL1w Wj9KMyU5wK9CNd88sdC8OiwI20iwO9jUJc0yLcK7UdbW31C3JzHQFEZOVG/](https://contrataciondelestado.es/wps/portal!/ut/p/b0/04_Sj9CPykssy0xPLMnMz0vMAfIjU1JTC3Iy87KtCIKL0jJznPPzSooSSxLzSIL1w Wj9KMyU5wK9CNd88sdC8OiwI20iwO9jUJc0yLcK7UdbW31C3JzHQFEZOVG/)

Do mesmo modo, de acordo co disposto no artigo 7 a) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase no Portal de Transparencia no enderezo:  
<https://www.coruna.gal/transparencia/gl/normativa-municipal/normativa/instrucons>

A publicación será trimestral, publicándose con esa cadencia temporal todos os contratos menores adjudicados nese período, é dicir, aqueles respecto dos que exista informe de necesidade asinado, aínda que non se emitise a factura pola prestación executada.

*promover las licitaciones tradicionalmente tramitadas como contrato menor por procedimiento abierto, incluido el simplificado abreviado, con o sin división en lotes, o bien mediante sistemas de racionalización de la contratación (acuerdo marco o sistema dinámico de adquisición).*

*NOVENA.- La publicidad de los contratos menores*

*En cumplimiento de lo establecido en el art. 63.4 LCSP, los contratos menores se publicarán en el Perfil del Contratante del Ayuntamiento de A Coruña, alojado en la Plataforma de Contratos del Sector Público del Ministerio de Hacienda y Función Pública, en la dirección electrónica:*

*[https://contrataciondelestado.es/wps/portal!/ut/p/b0/04\\_Sj9CPykssy0xPLMnMz0vMAfIjU1JTC3Iy87KtCIKL0jJznPPzSooSSxLzSIL1w Wj9KMyU5wK9CNd88sdC8OiwI20iwO9jUJc0yLcK7UdbW31C3JzHQFEZOVG/](https://contrataciondelestado.es/wps/portal!/ut/p/b0/04_Sj9CPykssy0xPLMnMz0vMAfIjU1JTC3Iy87KtCIKL0jJznPPzSooSSxLzSIL1w Wj9KMyU5wK9CNd88sdC8OiwI20iwO9jUJc0yLcK7UdbW31C3JzHQFEZOVG/)*

*Del mismo modo, de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 7 a) de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, se publicará en el Portal de Transparencia en la dirección:*  
*<https://www.coruna.gal/transparencia/gl/normativa-municipal/normativa/instrucons>*

*La publicación será trimestral, publicándose con esa cadencia temporal todos los contratos menores adjudicados en ese período, es decir, aquellos respecto de los que exista informe de necesidad firmado, aunque no hubiese emitido la factura por la prestación*

A información a publicar será a seguinte:

- Obxecto do contrato
- Duración
- Importe de adjudicación incluíndo o IVE
- Identidade do adxudicatario

A relación de contratos menores que se publique ordenarase polas identidades dos adxudicatarios.

## II.- SOBRE A RACIONALIZACIÓN E AXILIZACIÓN DA ACTIVIDADE CONTRACTUAL.

1. Reorganizarase e reforzarse con medios humanos, tecnolóxicos e ferramentas informáticas o Servizo de Contratación, a fin de dotalo axeitadamente para desenvolver eficazmente a actividade contractual municipal, axustada á legalidade, programada, transparente, estratéxica, cumpridora dos fins perseguidos coa mesma, no ámbito funcional que lle corresponde.

2. Tramitación do procedemento aberto simplificado abreviado.

2.1. Determínase que no prazo de dous meses, contados desde a aprobación desta Instrución, todos os procedementos abreviados simplificados (“sumarísimos”), que se inicien, tramitaranse polo Servizo de Contratación, que se encargará de:

- Elaborar o prego de cláusulas administrativas particulares.
- Ordenar o expediente contractual

*ejecutada.*

*La información a publicar será la siguiente:*

- *Objeto del contrato.*
- *Duración*
- *Importe de adjudicación incluyendo el IVA*
- *Identidad del adjudicatario*

*La relación de contratos menores que se publique se ordenará por las identidades de los adjudicatarios.*

## *II.- SOBRE LA RACIONALIZACIÓN Y AGILIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD CONTRACTUAL.*

*1. Se reorganizará y se reforzará con medios humanos, tecnológicos y herramientas informáticas el Servicio de Contratación, a fin de dotarlo adecuadamente para desarrollar eficazmente la actividad contractual municipal, ajustada a la legalidad, programada, transparente, estratégica, cumplidora de los fines perseguidos con la misma, en el ámbito funcional que le corresponde.*

*2. Tramitación del procedimiento abierto simplificado abreviado.*

*2.1. Se determina que en el plazo de dos meses, contados desde la aprobación de esta Instrucción, todos los procedimientos abreviados simplificados (“sumarísimos”), que se inicien, se tramitarán por el Servicio de Contratación, que se encargará de:*

- *Elaborar el pliego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Ordenar el expediente contractual*

integrado polo conxunto de documentos que se deben incorporar ao mesmo, conforme ao establecido no art. 116 LCSP.

– Elevar ao órgano de contratación, logo dos informes que procedan, a proposta de aprobación do expediente, consonte ao previsto no artigo 117 LCSP.

– Efectuar o anuncio da licitación e a tramitación electrónica do expediente, coordinando os trámites necesarios ata a adxudicación e formalización do contrato, conforme ao previsto no art. 159.6 LCSP.

– Redactar, previos os trámites requiridos, a proposta de adxudicación, que se elevará ao órgano de contratación, para a súa aprobación, de proceder.

– Os pregos de prescricións técnicas poderán ser elaborados polas áreas, os diferentes servizos ou centros xestores ou polo mesmo Servizo de Contratación, en función da materia e da complexidade.

2.2. A tramitación deste procedemento realizarase exclusivamente a través do xestor de expedientes Opencertiac, agás os trámites relativos á Plataforma de Contratos do Sector Público (en adiante PCSP) que deberán descargarse e incorporarse ao xestor de expedientes para garantir o expediente administrativo electrónico.

Os tramitadores deben cumprimentar todos os datos necesarios para a explotación da información a través dos campos suplementarios e estados (licitador/adxudicatario) dos

*integrado por el conjunto de documentos que se deben incorporar al mismo, conforme a lo establecido en el art. 116 LCSP.*

*– Elevar al órgano de contratación, tras los informes que procedan, la propuesta de aprobación del expediente, conforme a lo previsto en el artículo 117 LCSP.*

*– Efectuar el anuncio de la licitación y la tramitación electrónica del expediente, coordinando los trámites necesarios hasta la adjudicación y formalización del contrato, conforme a lo previsto en el art. 159.6 LCSP.*

*– Redactar, previos los trámites requeridos, la propuesta de adjudicación, que se elevará al órgano de contratación, para su aprobación, de proceder.*

*– Los pliegos de prescripciones técnicas podrán ser elaborados por las áreas, los diferentes servicios o centros gestores o por el mismo Servicio de Contratación, en función de la materia y de la complejidad.*

*2.2. La tramitación de este procedimiento se realizará exclusivamente a través del gestor de expedientes Opencertiac, excepto los trámites relativos a la Plataforma de Contratos del Sector Público (en adelante PCSP) que deberán descargarse e incorporarse al gestor de expedientes para garantizar el expediente administrativo electrónico.*

*Los tramitadores deben cumplimentar todos los datos necesarios para la explotación de la información a través de los campos suplementarios y estados (licitador/adjudicatario) de los*

Secretaría Xeral  
Dpto. de Actividade Corporativa

interesados, figuren ou non como obrigatorios no xestor de expedientes.

A tramitación do expediente, que efectuará o Servizo de Contratación, requirirá:

a) A creación de expediente de procedemento aberto simplificado abreviado en Opencertiac.

b) A xestión do expediente contractual: proposta de inicio de expediente de contratación, PPT, PCAP, cadro de características, documentos contables, envío a fiscalización, aprobación do expediente de contratación.

c) Campos suplementarios a cumprimentar.

d) A publicidade da licitación na PCSP.

e) Descifrado e apertura dos sobres das ofertas electrónicas así como a descarga de ofertas e a incorporación da documentación a Opencertiac.

f) Supervisión da documentación incorporada, requirimento de corrección de documentación no seu caso, informe de valoración técnica, envío a fiscalización, adjudicación pola concellería ou dirección de área que actúe como órgano de contratación segundo as delegacións efectuadas pola Xunta de Goberno Local, notificación electrónica á adjudicataria que terá a consideración de formalización do contrato desde a recepción da mesma.

g) A publicidade de ofertas, documentación relativa á valoración e adjudicación na PCSP, debendo remitir

*interesados, figuren o no como obligatorios en el gestor de expedientes.*

*La tramitación del expediente, que efectuará el Servicio de Contratación, requerirá:*

*a) La creación de expediente de procedimiento abierto simplificado abreviado en Opencertiac.*

*b) La gestión del expediente contractual: propuesta de inicio de expediente de contratación, PPT, PCAP, cuadro de características, documentos contables, envío a fiscalización, aprobación del expediente de contratación.*

*c) Campos suplementarios a cumplimentar.*

*d) La publicidad de la licitación en la PCSP.*

*e) Descifrado y apertura de los sobres de las ofertas electrónicas así como la descarga de ofertas y la incorporación de la documentación a Opencertiac.*

*f) Supervisión de la documentación incorporada, requerimiento de corrección de documentación en su caso, informe de valoración técnica, envío a fiscalización, adjudicación por la concejalía o dirección de área que actúe como órgano de contratación según las delegaciones efectuadas por la Junta de Gobierno Local, notificación electrónica a la adjudicataria que tendrá la consideración de formalización del contrato desde la recepción de la misma.*

*g) La publicidad de ofertas, documentación relativa a la valoración y adjudicación en la PCSP, debiendo*

esta última na mesma data do seu envío á adxudicataria para a súa publicación inmediata aos efectos da disposición adicional décimo quinta da LCSP.

3. Establecer que, no prazo de dous meses, desde a aprobación desta Instrución, todos os procedementos con negociación, con e sen publicidade, que se incoen, tramitaranse polo Servizo de Contratación, desenvolvendo as seguintes tarefas:

–Elaborar o prego de cláusulas administrativas particulares.

–Ordenar o expediente contractual integrado polo conxunto de documentos que se deben incorporar ao mesmo, conforme ao establecido no art. 116 LCSP.

–Elevar ao órgano de contratación, logo dos informes que procedan, a proposta de aprobación do expediente, consonte ao previsto no artigo 117 LCSP.

–Efectuar os anuncios que sexan procedentes, en atención as peculiaridades dos procedementos con negociación.

– Realizar, previa autorización do órgano de contratación, a tramitación dos convites, incluídos os referentes á 2ª fase de negociación.

–Redactar, coa tramitación esixida, a proposta de adxudicación, que se elevará ao órgano de contratación para a súa aprobación, de proceder.

–Os pregos de prescricións técnicas poderán ser elaborados polas áreas, os diferentes servizos ou centros xestores

*remitir esta última en la misma fecha de su envío a la adjudicataria para su publicación inmediata a los efectos de la disposición adicional decimoquinta de la LCSP.*

*3. Establecer que, en el plazo de dos meses, desde la aprobación de esta Instrucción, todos los procedimientos con negociación, con y sin publicidad, que se incoen, se tramitarán por el Servicio de Contratación, desarrollando las siguientes tareas:*

*– Elaborar el pliego de cláusulas administrativas particulares.*

*– Ordenar el expediente contractual integrado por el conjunto de documentos que se deben incorporar al mismo, conforme a lo establecido en el art. 116 LCSP.*

*– Elevar al órgano de contratación, tras los informes que procedan, la propuesta de aprobación del expediente, conforme a lo previsto en el artículo 117 LCSP.*

*– Efectuar los anuncios que sean procedentes, en atención las peculiaridades de los procedimientos con negociación.*

*– Realizar, previa autorización del órgano de contratación, la tramitación de las invitaciones, incluidas las referentes a la 2ª fase de negociación.*

*– Redactar, con la tramitación exigida, la propuesta de adjudicación, que se elevará al órgano de contratación para su aprobación, de proceder.*

*– Los pliegos de prescripciones técnicas podrán ser elaborados por las áreas, los diferentes servicios o centros gestores o*



ou polo mesmo servizo de Contratación, en función da materia e da complexidade, proponendo aspectos económicos e técnicos que deban ser obxecto de negociación (art. 166 LCSP).

4. O Servizo de Contratación tramitará o resto de procedementos, sen previa vacatio, ocupándose de realizar os seguintes trámites:

–Elaborar os pregos de cláusulas administrativas particulares.

– Ordenar o expediente contractual integrado polo conxunto de documentos que se deben incorporar ao mesmo, conforme ao establecido no art. 116 LCSP.

–Eleva ao órgano de contratación, logo dos informes que procedan, a proposta de aprobación do expediente, consonte ao previsto no artigo 117 LCSP.

–Realizar os anuncios de licitación e o impulso dos trámites necesarios para a adxudicación, incluíndo a xestión ordinaria para o funcionamento das Mesas de Contratación.

–Redactar, previos os trámites requiridos, a proposta de adxudicación, que se elevará ao órgano de contratación, de proceder.

–Os pregos de prescricións técnicas poderán ser elaborados polas áreas, os diferentes servizos ou centros xestores, ou polo mesmo Servizo de Contratación, en función da materia e da complexidade.

5. Ordénase que no prazo de cinco meses, desde a aprobación desta

*por el mismo servicio de Contratación, en función de la materia y de la complejidad, proponiendo aspectos económicos y técnicos que deban ser objeto de negociación (art. 166 LCSP).*

*4. El Servicio de Contratación tramitará el resto de procedimientos, sin previa vacatio, ocupándose de realizar los siguientes trámites:*

*–Elaborar los pliegos de cláusulas administrativas particulares.*

*– Ordenar el expediente contractual integrado por el conjunto de documentos que se deben incorporar al mismo, conforme a lo establecido en el art. 116 LCSP.*

*–Elevar al órgano de contratación, tras los informes que procedan, la propuesta de aprobación del expediente, conforme a lo previsto en el artículo 117 LCSP.*

*–Realizar los anuncios de licitación y el impulso de los trámites necesarios para la adjudicación, incluyendo la gestión ordinaria para el funcionamiento de las Mesas de Contratación.*

*–Redactar, previos los trámites requeridos, la propuesta de adjudicación, que se elevará al órgano de contratación, de proceder.*

*–Los pliegos de prescripciones técnicas podrán ser elaborados por las áreas, los diferentes servicios o centros gestores, o por el mismo Servicio de Contratación, en función de la materia y de la complejidad.*

*5. Se ordena que en el plazo de cinco meses, desde la aprobación de esta*

Instrución, se elabore unha guía referente ao contido, homoxeneizado, dos pregos de cláusulas administrativas en cuestións, a título enunciativo, como:

- Duración dos contratos.
- Circunstancias en que se poderán aplicar as prórrogas.
- Tramitación nun único procedemento, aínda que dividido en lotes, de acordo co previsto no art. 99 da LCSP, daquelas prestacións equivalentes, con independencia da área, servizo ou centro xestor no que se produza a necesidade.
- Criterios para a división en lotes e posible presentación de ofertas integradoras.
- Determinacións sobre solvencia, dentro do marco legal.
- Criterios de adxudicación e a súa aplicación, de acordo co previsto nos artigos 145 e 146 da LCSP.
- Prefixar os criterios de desempate.
- Condicións especiais de contratación, con expresión das que deben ser consideradas obrigas contractuais esenciais, coas súas consecuencias.
- Implementación de cláusulas sociais, ambientais, de innovación e protección das pequenas e medianas empresas, nomeadamente aos subcontratistas, materializando a contratación pública estratéxica.
- Determinacións sobre as

*Instrucción, se elabore una guía referente al contenido, homogeneizado, de los pliegos de cláusulas administrativas en cuestiones, a título enunciativo, como:*

- Duración de los contratos.*
- Circunstancias en que se podrán aplicar las prórrogas.*
- Tramitación en un único procedimiento, aunque dividido en lotes, de acuerdo con lo previsto en el art. 99 de la LCSP, de aquellas prestaciones equivalentes, con independencia del área, servicio o centro gestor en el que se produzca la necesidad.*
- Criterios para la división en lotes y posible presentación de ofertas integradoras.*
- Determinaciones sobre solvencia, dentro del marco legal.*
- Criterios de adjudicación y su aplicación, de acuerdo con lo previsto en los artículos 145 y 146 de la LCSP.*
- Prefijar los criterios de desempate.*
- Condiciones especiales de contratación, con expresión de las que deben ser consideradas deberes contractuales esenciales, con sus consecuencias.*
- Implementación de cláusulas sociales, ambientales, de innovación y protección de las pequeñas y medianas empresas, especialmente a los subcontratistas, materializando la contratación pública estratégica.*
- Determinaciones sobre las*

modificacións contractuais.

– A racionalización técnica da contratación.

6. O Servizo de Contratación, xunto cos demais informes que sexan preceptivos, en directa e permanente coordinación e cooperación co resto de servizos e centros xestores, deberán informar, con celeridade, as modificacións e as prórrogas que se tramiten, debendo levar o rexistro de contratos e, de ser o caso, efectuar as publicacións que procedan, en coordinación coa Oficialía Maior, conforme co apartado 8 da Disposición Adicional 3ª LCSP.

7. Elaborarase, no prazo máximo de catro meses desde que se aprobe esta instrución, un rexistro de contratos con información cuantitativa e cualitativa para cumprir coas obrigas de transparencia e gobernanza previstas na lexislación, xunto cunha xestión de expedientes segura e rápida.

8. Ordénase elaborar, no prazo máximo de seis meses contados desde a aprobación desta instrución, unha guía xeral para a supervisión e execución da contratación, a fin de aplicar o previsto no artigo 62 da LCSP ao responsable do contrato e ás persoas que se nomeen para a defensa do interese xeral e verificar o cumprimento das obrigas da concesionaria, nos contratos de concesión de obras, servizos e concesións demaniais.

9. Orde relativa á programación e iniciación de procedementos contractuais para evitar prestacións sen contrato:

*modificaciones contractuales.*

*– La racionalización técnica de la contratación.*

*6. El Servicio de Contratación, junto con los demás informes que sean preceptivos, en directa y permanente coordinación y cooperación con el resto de servicios y centros gestores, deberán informar, con celeridad, las modificaciones y las prórrogas que se tramiten, debiendo llevar el registro de contratos y, de ser el caso, efectuar las publicaciones que procedan, en coordinación con la Oficialía Mayor, conforme con el apartado 8 de la Disposición Adicional 3ª LCSP.*

*7. Se elaborará, en el plazo máximo de cuatro meses desde que se apruebe esta instrucción, un registro de contratos con información cuantitativa y cualitativa para cumplir con las obligaciones de transparencia y gobernanza previstas en la legislación, junto con una gestión de expedientes segura y rápida.*

*8. Se ordena elaborar, en el plazo máximo de seis meses contados desde la aprobación de esta instrucción, una guía general para la supervisión y ejecución de la contratación, a fin de aplicar lo previsto en el artículo 62 de la LCSP al responsable del contrato y a las personas que se nombren para la defensa del interés general y verificar el cumplimiento de las obligaciones de la concesionaria, en los contratos de concesión de obras, servicios y concesiones demaniales.*

*9. Orden relativa a la programación e iniciación de procedimient<sup>os</sup> contractuales para evitar prestaciones sin contrato:*

a) Os centros xestores, xefaturas de servizo, responsables de contratación, deberán incoar a tramitación de prestacións contractuais, con contrato vixente pero próximo a finalizar, cunha antelación mínima de dez meses, agás aqueles contratos de especial complexidade técnica, en que o devandito prazo amplíase a quince meses.

b) O servizo de Contratación deberá publicar o anuncio de licitación no diario ou plataforma en que proceda, cunha antelación mínima de catro meses á data prevista de finalización do contrato vixente.

O cumprimento destes prazos permitirá invocar a aplicación do art. 29.4 LCSP se xorden incidencias na licitación/adxudicación imprevisibles ao órgano de contratación.

O prazo de dez meses poderá reducirse á metade naquelas contratacións susceptibles de tramitación por procedemento abreviado simplificado; neste procedemento o anuncio de licitación deberá publicarse con tres meses de antelación ao vencemento de contrato vixente, no caso de existir.

10. Formularase, no prazo máximo de 8 meses desde que se aprobe esta instrución, un documento marco sobre a autoprovisión de bens e servizos ao Concello da Coruña e en favor da cidadanía, a través de sistemas de cooperación horizontal e vertical (encargos a medios propios) na procura da calidade das prestacións e a xestión eficiente dos recursos e instrumentos públicos dispoñibles.

*a) Los centros gestores, jefaturas de servicio, responsables de contratación, deberán incoar la tramitación de prestaciones contractuales, con contrato vigente pero próximo a finalizar, con una antelación mínima de diez meses, excepto aquellos contratos de especial complejidad técnica, en que dicho plazo se amplía a quince meses.*

*b) El servicio de Contratación deberá publicar el anuncio de licitación en el diario o plataforma en que proceda, con una antelación mínima de cuatro meses a la fecha prevista de finalización del contrato vigente.*

*El cumplimiento de estos plazos permitirá invocar la aplicación del art. 29.4 LCSP si surgen incidencias en la licitación/adjudicación imprevisibles al órgano de contratación.*

*El plazo de diez meses podrá reducirse a la mitad en aquellas contrataciones susceptibles de tramitación por procedimiento abreviado simplificado; en este procedimiento el anuncio de licitación deberá publicarse con tres meses de antelación al vencimiento de contrato vigente, en el caso de existir.*

*10. Se formulará, en el plazo máximo de 8 meses desde que se apruebe esta instrucción, un documento marco sobre la autoprovisión de bienes y servicios al Ayuntamiento de A Coruña y en favor de la ciudadanía, a través de sistemas de cooperación horizontal y vertical (encargos a medios propios) en busca de la calidad de las prestaciones y la gestión eficiente de los recursos e instrumentos públicos disponibles.*

11. No prazo de cinco meses desde que se aprobe esta instrución, establecerase o marco formal e material para o funcionamento electrónico da mesa de contratación.

III.- Esta Instrución aplicarase unha vez publicada, de acordo co disposto no art. 63.5 da LCSP e no artigo 7 da Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, respectivamente, no Perfil do Contratante: [https://contrataciondelestado.es/wps/portal!/ut/p/b0/04\\_Sj9CPykssy0xPLMnMz0vMAfIjU1JTC3Iy87KtClKL0jJznPPzSooSSxLzSIL1w\\_Wj9KMyU5wK9CNd88sdC8Oiw120iwO9jUJc0yLcK7UdbW31C3JzHQFEZOVG/](https://contrataciondelestado.es/wps/portal!/ut/p/b0/04_Sj9CPykssy0xPLMnMz0vMAfIjU1JTC3Iy87KtClKL0jJznPPzSooSSxLzSIL1w_Wj9KMyU5wK9CNd88sdC8Oiw120iwO9jUJc0yLcK7UdbW31C3JzHQFEZOVG/) e no Portal de Transparencia: <https://www.coruna.gal/transparencia/gl/normativa-municipal/normativa/instrucons>

A partir da data na que se aplique esta Instrución, quedarán sen efecto as Instrucións 1/2018, relativa aos contratos menores, e a 1/2019, sobre a tramitación electrónica do procedemento aberto simplificado abreviado.

### **ANEXOS SOBRE CONTRATACIÓN MENOR**

<b>ANEXO I</b>	<b>Informe de necesidade do contrato, xustificación e acordo de inicio</b>
<b>ANEXO II</b>	<b>Modelo de declaración responsable</b>
<b>ANEXO III</b>	<b>Anuncio de apertura de prazo de presentación de ofertas no perfil do contratante (contratación menor).</b>
<b>ANEXO IV</b>	<b>Modelo de presentación de ofertas na contratación menor.</b>

#### **ANEXO I**

##### **Informe de necesidade do contrato, xustificación e acordo de inicio**

1.- O servizo municipal de \_\_\_\_\_ propón realizar a seguinte

*11. En el plazo de cinco meses desde que se apruebe esta instrucción, se establecerá el marco formal y material para el funcionamiento electrónico de la mesa de contratación.*

*III.- Esta Instrucción se aplicará una vez publicada, de acuerdo con lo dispuesto en el art. 63.5 de la LCSP y en el artículo 7 de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de Transparencia, Acceso a la Información Pública y Buen Gobierno, respectivamente, en el Perfil del Contratante: [https://contrataciondelestado.es/wps/portal!/ut/p/b0/04\\_Sj9CPykssy0xPLMnMz0vMAfIjU1JTC3Iy87KtClKL0jJznPPzSooSSxLzSIL1w\\_Wj9KMyU5wK9CNd88sdC8Oiw120iwO9jUJc0yLcK7UdbW31C3JzHQFEZOVG/](https://contrataciondelestado.es/wps/portal!/ut/p/b0/04_Sj9CPykssy0xPLMnMz0vMAfIjU1JTC3Iy87KtClKL0jJznPPzSooSSxLzSIL1w_Wj9KMyU5wK9CNd88sdC8Oiw120iwO9jUJc0yLcK7UdbW31C3JzHQFEZOVG/) y en el Portal de Transparencia: <https://www.coruna.gal/transparencia/gl/normativa-municipal/normativa/instrucons>*

*A partir de la fecha en la que se aplique esta Instrucción, quedarán sin efecto las Instrucciones 1/2018, relativa a los contratos menores, y la 1/2019, sobre la tramitación electrónica del procedimiento abierto simplificado abreviado.*

actuación:

Obra / Servizo / Subministración de \_\_\_\_\_

**2.-** Como órgano de contratación declaro que:

o servizo non conta con medios humanos e materiais suficientes para a realización da actividade prevista (só contratos de servizos).

o presente contrato é necesario para o cumprimento e realización das atribucións que corresponden a esta Área de goberno, concretamente

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

**3.-** O importe da contratación da/s obras/servizo/subministración ascende a:

• Importe de adxudicación con IVE \_\_\_\_\_ €

• Importe de adxudicación sen IVE \_\_\_\_\_ €

**4.-** Analizada a proposta polo servizo, informouseme, de conformidade coa Instrución aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión \_\_\_\_\_, que coa presente contratación:

a) Non se está a alterar o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación (deben marcarse ambas):

Non se está a fraccionar o obxecto do contrato coa finalidade de non superar as cifras establecidas no artigo 118.1 da LCSP no exercicio orzamentario.

Non se está a atender necesidades periódicas e previsibles.

b) Non estando nun suposto de alteración do obxecto:

Constatouse na aplicación dispoñible no Portal de aplicacións que o contratista proposto \_\_\_\_\_ NON subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no artigo 118.1 LCSP no exercicio orzamentario.

**5.-** Existe crédito na aplicación orzamentaria \_\_\_\_\_ para financiar este gasto.

**6.-** (Outras xustificacións a xuízo do servizo)

\_\_\_\_\_

Secretaría Xeral  
Dpto. de Actividade Corporativa

---

---

**7.-** No caso de contrato menor de obras:

- Orzamento das obras
- Proxecto de obras, cando sexa requirido pola normativa en vigor.
- O Informe de supervisión cando afecte a estabilidade, seguridade ou estanquidade das obras.
- \_\_\_\_\_

A Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento.

Por delegación da XGL  
(BOP nº 124 do 03/07/2017)

O concelleiro/a delegado/a da Área de \_\_\_\_\_

Informado por

Xefatura de Servizo/Dr. de Área de \_\_\_\_\_

*(incorporar aqueles cargos que informan con carácter previo á xefatura/dirección no seu caso)”*

## **ANEXO II**

### **MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**

#### **ALCALDÍA CONCELLARÍA CONTRATO MENOR**

D/Dª			
Rúa/Praza		Nº	
Poboación		CP	
DNI		Expedido con data	
Correo electrónico			

Secretaría Xeral  
Dpto. de Actividade Corporativa

En nome propio

<input type="checkbox"/> En representación de		CIF	
Rúa/Praza		Nº	
Poboación		CP	
Correo Electrónico			

**DECLARO RESPONSABLEMENTE** que a devandita persoa física ou xurídica:

- Ten plena capacidade de obrar, e a habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, de conformidade co estipulado nos artigos 65, 84, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014 (en diante LCSP).
- Non se atopa incurso nas prohibicións de contratar ás que se refire o artigo 71 da LCSP.
- Esta ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e non ter débedas co Excmo. Concello da Coruña (artigo 13 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas).
- Atópase dada de alta no Imposto de Actividades Económicas, nunha actividade acorde coa prestación a desenvolver, de conformidade co estipulado nos artigos 78 e 83 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- No caso de persoa xurídica, as prestacións obxecto deste contrato menor, están comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito da súa actividade a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais.
- Habilita como dirección electrónica a sinalada no anterior apartado “correo electrónico”, consentindo así mesmo a súa utilización, de conformidade co estipulado no artigo 151.3 e na Disposición Adicional décimo quinta da LCSP.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, asino a presente en  
Asdo.

**ANEXO III.**

**ANUNCIO DE APERTURA DE PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS**



## **NO PERFIL DO CONTRATANTE (CONTRATACIÓN MENOR).**

- 1. PODER ADXUDICADOR:** Concello da Coruña
  - a) **Órgano de contratación**
  - b) **Expediente núm.**
  - c) **Servizo que tramita o expediente**
  - d) **Enderezo**
  - e) **Localidade e código postal**
  - f) **Teléfonos de contacto**
  - g) **Dirección de Internet do Perfil do Contratante**
  
- 2. OBXECTO DO CONTRATO:**
  - a) **Tipo servizo/subministración/obra**
  - b) **Obxecto do contrato:**
  
- 3. DESCRIPCIÓN DOS TRABALLOS** (*ver no seu caso, memoria valorada*)
- 4. PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN**
- 5. PRAZO DE EXECUCIÓN**
- 6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN** \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

**Nota.** *Quedarán descartadas aquelas propostas que non cumpran cos mínimos consistentes en* \_\_\_\_\_

- 7. PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS:**
  - a) **Contido da oferta.** Xunto coa proposta achegarase:
    - solicitude de participación.
    - declaracións responsables debidamente cumprimentadas e asinadas polo responsable da empresa segundo o modelo normalizado adxunto ao anuncio.
  - b) **Prazo:** cinco (5) días naturais contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no perfil do contratante para que as empresas que desexen participar no proceso presenten as súas ofertas, as cales deberán estar correctamente seladas e asinadas polo responsable da empresa.
  - c) **Lugar de presentación:** a través da sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/tramites?method=enter>

## **8. OUTRAS CONSIDERACIÓNS:**

